

NARRATIVA

Suso de Toro
Home sen nome

XERAIS



Avance editorial de *Home sen nome* con motivo do 23 de abril de 2006, «Día Internacional do Libro».
Publicación non venal.

Deseño de cuberta: Miguel Vigo
Fotografía da cuberta: Vari Caramés

1ª edición: abril, 2006

© Suso de Toro, 2006
c/o Guillermo Schavelzon & Asoc. Agencia Literaria
info@schavelzon.com
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2006
Dr. Marañón, 12. 36211 Vigo
xerais@xerais.es

Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola Lei, que prohibe a reprodución, plaxio, distribución ou comunicación pública, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.

Olla, quen vén por aí. O Pancho, o fillo do Chousas. Aí o vén co mesmo traxe usado, a coxear. Vaia, e até puxo un lazo negro coa camisa nova. Quédalle como unha gravata a un porco, o mesmiño. E paro xusto aquí na porta do casino xa cun pé no limiar do portal e fálolle.

Ei, ti. Non me vías? Vaia, Panchiño, qué elegante vés. Non sabía que andabas por Santiago.

Ando, xa ve.

E logo que te trae, home?

Veño de aí diante, da imprenta do señor Casal, o alcalde.

Ah, vaia, vaia. Así que ti tamén, tamén andas con esa xente. Non, ti non serás anarquista, nin comunista, non. Ti, o máis seguro, serás galeguista. Non si que acertei? A que o es?

Son, e que?

Nada, non ocorre nada. O voso amigo Casal, o señor alcalde, segue a imprimir toda esas porcalladas de anarquistas, comunistas...

O señor Casal ten un negocio legal e o seu prelo imprime de todo, o mesmo para empresas que para partidos. Tamén imprime libros.

Ben o sei, todo canto libro galego. Se cerra a imprenta acá-base a literatura galega, mira que pouquiña cousa sodes. Vós e a vosa Rosalía e o voso Castelao.

Cada día seremos máis.

Non, sodes cousa pequena. E levades dentro a pequenez, fáltavos o grande alento. Non aspirades máis que a sobrevivir. Tanto país, tanta terriña, tanta barquiña, tanto carriño de bois... Tendes a parsimonia dos bois, e ollades para abaixo coma eles.

Ese país do que falades, esa Galiza vosa, naceu para ser escrava, para cargar a carga. Coma os bois. Vós xa nacestes vellos.

Aspiramos a vivir dignamente sendo quen somos.

Aspirades, aspirades...

E agora co Estatuto de Autonomía aprobado e presentado nas Cortes, si, agora comeza o noso autogoberno. Agora comezamos a existir. E cada día somos máis.

Non, cada día sodes menos. Cada día existides menos. En que mundo vivides, realmente non sabedes o que está a pasar? Temos que volo contar nós, os vossos inimigos? Cada día estades máis pretiño do final. Ou pensas que non se acaba a paciencia da xente de orde? E pensas que non estades moi avisados xa?

Xa fostes avisados, moi avisados. Sabiades que había que obedecer, non é? Non vos era mellor obedecerdes? E de aceptardes o Alzamento e de acudirdes voluntariamente e de pedirdes perdón, se cadra así daquela maneira se vos perdoaba, señor Ánxel Casal e señorito Pepiño Areosa, quizais así si. Mais non hai perdón para vós, non había perdón, porque xa estabades todos mortos, estabades todos condenados por serdes quen sodes, ralea de piollos, xentiña noxenta, roxos e separatistas. Xa estabades mortos antes, aínda que vós non o sabiades, pensabades que vos podiades resistir ao rexemento de artillería, á comandancia da Garda Civil, ás forzas vivas da cidade, ao arcebispo Tomás Muñoz de Pablos que leva meses conspirando, a don Felipe Gil, á CEDA, aos fillos dos seus pais a faceren exercicios militares ás ordes marciais do tenente Quesada, do tenente Gutiérrez Cabezas... Pensabades que podiades desarmarnos a nós os falanxistas, entrenados en camisa azul e correaxes non só para formar e apuntar e disparar polo extenente Redondo, coidado co retroceso que che levanta o brazo, senón tamén preparados para matar

polo camarada Juan Canalejo Castells. Entrenados no coitelo, na pistola e no máuser por Canalejo, que agora está detido en Madrid co camarada José Antonio porque alí fallou o golpe.

Pero Casal, Casaliño, coitado, e ti pensas logo que te habías de salvar? Este malpocado de aquí, o Areosa, despois de ter participado na organización da resistencia armada ao Glorioso Alzamento e de ter insultado pola emisora de Radio Galicia ao exército alzado e aos verdadeiros patriotas, pois mira, se chega a dar escapado, se non o pillamos pois esqueceste del, un roxo entre tantos que hai que pasear, e como non se dá feito pois tampouco non andas detrás de todos. Así que se non o chegamos a pillar, non si, Pepiño, pois se cadra aínda escapaba polo porto de Vilagarcía nun barco.

Pero ti, Casal, Casaliño, republicanote, galeguista, editor. Editor de todo canto libro galego, canta revista ou panfleto de sindicalistas e roxos... Alcalde... Ti, Casal. Como pensas que non te habíamos ir buscar, homiño, alma en pena. Como pensaches que por non ter disparado un tiro te habías librar? Ti dis, eu son unha boa persoa que gano a vida honradamente e non lle fixo mal a ninguén, eu son o alcalde legal, posto aquí polo voto dos cidadáns e confirmado polas autoridades do Goberno legal do señor Azaña, ti dis así. E por que dis iso, por que o dis? Se sabes que non é verdade, iso non é a verdade, iso son palabras, Casal. A verdade é esta, es un tipo morto de medo que vai aquí, aquí estades os dous esposados neste carro e é noite de agosto, Casal, e ben sabes que vos imos pasear. Por que repites parvadas, palabras, palabras. Como vos desprezo, desprézovos a todos vós cos vossos nobres sentimentos, cos vossos ideais da merda, coas vosas palabras tan rechamantes, tan elevadas. Por esas palabras ides morrer, por tanta parvada. Palabras, mentiras de rapaciños. A verdade é

esta, somos nós. Eu son a verdade, o que te vai matar. E eran palabras soamente, foron palabras as que che deu o comandante militar da praza Bermúdez de Castro, palabras de que podías retirarte tranquilo á túa casa porque el garantía a orde pública, non hai orde pública, hai unha nova orde que é a da forza, e Bermúdez de Castro era débil, era débil e xa non quería sumarse ao golpe e houbo que forzalo, mesmo ameazalo con facerlle o que se lles fixo aos militares leais ao Goberno na Coruña e en Ferrol, matalos, se non lle ensinasen a pistola o capitán Saavedra, Quesada e Cabezas non se decidía a sacar as tropas, un pobre home que merecía morrer xa alí inmediatamente porque con homes así non se constrúe un novo tempo, este novo tempo enérxico da xuventude, e houbo que apartalo do mando de alí a unha semana porque quería garantir a orde pública e molestábanos a todos, tíñanos atados coas súas ordes. Mais as ordes son palabras, Casal, palabras. E ti acreditaches nas palabras escritas, faladas, e por iso estás agora neste carro que atravesa a noite de Santiago, e esas badaladas da catedral que estás a oír han ser as últimas que escoites, tamén tocaron as doce do mediodía cando asaltamos o teu prelo, Casal, botamos fóra os empregados e fixemos unha morea de libros e papeis no medio da rúa do Vilar. Queimámolo todo, Casal, os teus libros, as revistas, a propaganda, todas as palabras en que ti crías. Se viras como ardían as palabras, Casal, arden moi ben, é o que primeiro se consome. Conta ben as badaladas, cóntaas ben, tres, catro, mentres saímos da cidade pola Porta Faxeira e collemos a Senra baleira de xente e o Hórreo abaixo saíndo xa da cidade, once, e doce. Todo ardeu, todo está a arder. Salvei para min un exemplar do *Codex Calixtinus* que estabades a imprimir.

Por que publicades esas cousas? Coidades que o pasado é voso, non tal, é dos seus donos. Iso é do arcebispo, e dos señores

da cidade, non voso, nunca volo deixarán. O pasado é seu, o presente tamén. Pensastes que tiñades algo, que tiñades o presente e mais o futuro e xa ves, Ademais, para que queredes os republicanos editar libros relixiosos, non sodes roxos? Pois a relixión é dos curas, e sodes inimigos. Ai, Casal, ardeu, ardeu todo. Gardei ese exemplar na casa, eu que non creo no Apóstolo, nin en cousa ningunha, non si Solla, camarada, que o noso cáliz é a cunca de louza branca e o noso sangue de Cristo é o tinto do Ribeiro? Gardei ese exemplar e cando o vexa na biblioteca direi, eu queimei todos aqueles papeis, todas esas ideas vosas, esas palabras, e eu fusilei o seu editor, fusilamos a todos. Iso fixen. Fusilei o que editou ao García Lorca, ese poetiña maricón que veu por aquí a escravellar uns versos en galego mal escrito. E se collese por banda a ese poetiña tamén o mataba, metíalle un tiro polo cu. Maricóns, que sodes todos uns maricóns.

Non hai máis, Casal, non haberá máis. Ninguén te salva, ninguén detén o noso auto e pasamos no barrio do Castiñeiriño por diante da casa dos pais de Narciso Vidal que foi delegado do Goberno na cidade, e que tampouco vivirá. Xa fomos por el, fómolo buscar á casa da súa irmá o Peneireiro, Souto Vilas e mais eu. Espera a súa vez. E ti non agardas máis, vas hoxe. E ti ves para onde vas, Casal? Para onde o teu compañeiro, así terás compañía, vas para onde Camilo Díaz, o pintamonas. En que mans estaba o Concello da cidade, nas mans dos calquera. Camilo Díaz, o que se atreveu a dar a orde de dispersar cunha manga de rego unha manifestación das adoratrices. Como podedes atrevervos os roxos a prohibir unha procesión, e como vos atrevestes a dispersar a magueirazos unha manifestación das mulleiras das mellores familias da cidade? Como pensades que volo han perdoar, como non vos habían odiar polo imperdoábel,

mollar e humillar as súas esposas, nais, irmás, fillas...? Qué odio católico o de dona Jesusa, que choros e que voces clamando vinganza, elas todas molladas no seu local social na praza de Cervantes. Qué indignación a do arcebispo. Cómo non lle temiaades a un señor arcebispo, a un arcebispo que enviou estes días unha carta pastoral a todas as parroquias pedíndolles aos párrocos que delataran ante a Garda Civil a todos os roxos da parroquia sen que tivesen sentimento humanitario ningún. Qué ameazas as de don Felipe Gil Casares, ha volver a ser reitor inmediatamente de que morrades, logo que pasen un par de meses e de que vos matemos a todos, descoida. O pasado non existe, Casal, só existe o futuro e vós estabades todos mortos. Nós chegamos até vós dende o futuro. Ao teu amigo Camilo Díaz matámolo por encargo, eu non tiña nada contra el, só o desprezo que teño por vós todos, só a obriga de asasinarvos, non é nada persoal. Simplemente nós somos a historia, eu son unha visita do teu futuro. Houbo que martirizalo, que rompelo a hostias antes, que mutilarlle o corpo antes de meterlle uns tiros, non pasarían por menos.

E ti que crías na República, na forza da democracia en todas as andrómenas políticas. Ti que pensabas que podías parar a historia con palabras, que podías deter a chegada do futuro. Ti que quixeches evitar que houbera violencia na cidade, que deixaches as portas do concello abertas para que o ocupasen os militares, qué esperabas, con qué palabras te entretiñas, te xustificabas, te consolabas? Ti mereces morrer máis ca ninguén, por manso.

Respecto aos irmáns Liste, os que teñen ese irmán en Madrid e anda na sección militar dos comunistas, respecto a bravura deses canteiros. Matamos neles, mais era unha morte gañada, unha morte de bravos. Matei neles porque eran comunistas,

porque eran republicanos, porque eran rebeldes, revolucionarios. Merecían morrer, pero merecían morrer loitando, como fixeron cando asaltaron o tren que viña de Vigo a Santiago con armas. Mais a vós, os que credes nas palabras, non vos aturo, dádesme noxo. Mereces a morte a traizón. Unha morte como a que vas ter, como a que xa estás tendo neste auto que ascende cara a Cacheiras.

Quen de vós se cagou? Porcos, merecedes morrer cagados de medo, como as reses. O sangue e a merda han ser o voso traxe. E non vai haber palabras agora, non hai palabras, nada máis laiarse. Non precisamos palabras para tirarvos do calabozo, para sacarvos ás doce da noite da Falcona. Non foi preciso que o novo comandante militar da praza, Francisco Judel Peón, ou que Leseugarte, o novo delegado gubernativo nos asinase papel ningún, o carcereiro xa sabe que non son precisas as palabras, só é preciso que nos presentemos nós. Eu, o camarada Celestino Mas del Rivero e mais o teu amigo Eugenio Solla, este procurador borrachón, non si, Solla? El di que era amigo teu, mereces morrer de mala morte, por crer nos demais, por crer nas palabras, nas palabras da xente, nas túas. Nas palabras escritas, nas palabras todas. Por que volviches de Madrid, estúpido, se ficases aló como o Castelao ese e como outros que te acompañaban para presentardes nas Cortes o Estatuto de Autonomía, se ficases aló salvávaste.

Parrulo, parvo que es parvo. Pensabas que habían ser todo discusións e debates toda a vida? Que non había chegar a hora da verdade? Esta é a hora da verdade. E viñeches como aña para o teu sacrificio. Viñeches e fixeches ben, pois queremos matar a cidade e o seu alcalde.

E por iso tiñas medo e non querías saír da cela, porque sabías que saír de noite do cárcere é malo para a saúde, cóllense boas

catarreiras, e houbo que che bourar xa alí para que viñeses. E por iso agora baixa do carro, dixeran que baixedes, cona, veña xa. E non, non haberá cura que diga *ego te absolvo*, porque non hai nada de que absolvervos, porque non tendes arrepentimento e porque non hai absolución para os roxos, non hai absolución para ninguén. Non hai absolución. Nin para ti nin tampouco para min. E por iso agora non pidas clemencia, non pidas clemencia, non a hai nin para ti nin para min. Non haberá clemencia. E non pidas a Deus tampouco nin a Cristo pois nós somos os seus enviados, vimos de parte súa contra todos vós, os sen deus, os inimigos da fe católica, da fe de España. Fágase a súa vontade, así no ceo como na terra. Esta é a súa vontade, traemos con nós a beizón arcebispal. Somos un sacramento. E non pidas nada, non fales, non digas nada, por iso agora morres. Non seredes mártires tampouco, pois non vos damos a opción a apostatar das vosas crenzas, non caerá esa bévera de darvos a oportunidade de arrepentirvos e xurar lealdade ao alzamento nacional, á nosa gloriosa cruzada, non si, Solla, ollade como rin Solla e Mas del Rivero, como rin. Non, non seredes mártires, aínda que vos arrepentídeses agora das vosas doutrinas antiespañolas pois matariámosvos o mesmo.

Esta é a hora da verdade, e esta é a verdade. Simplemente non hai clemencia nin perdón, nin ninguén vos ha absolver. Non baixa ninguén do ceo para parar o meu brazo. Non. Dámosvos a morte, dámosvos terra. Morredes os dous. Así, con tres tiros. Morte morrida por hemorraxia interna, iso é o que está a escribir neste momento a man do forense. Causa 197 de defunción, hemorraxia interna, masiva. E diciades que tanto amabades a nosa terra, pois agora sodes terra xa. Sodes terra e seredes herba. Aí tirado nunha gabia, Casal, para que mañá moi cedo, as lei-

teiras que veñen vender o leite á cidade atopen o teu cadáver cuberto do resío da noite nesta beira da estrada onde te deixamos agora que o auto dá volta para a cidade.

Véxoo todo xa dentro miña. Vexo a rúa en que estou, a xente que pasa, o Pancho coa súa figura torta e o seu traxe ridículo. Na boca o sabor agre que me sobe do estómago.

Vostede non é xente de orde, dime con odio.

E claro que non. Iso sábelo ben ti, non si? Dío, home, non teñas medo, son unha besta. Non baixes a vista, podes dicilo que non vos vou botar das miñas terras nin da casa, quero que aquilo estea atendido. E mira, eu aqueles días alí andaba bébedo todo o día, xa o sabes. Por certo que a torre ardeu ela soa, algún candil que deixaría alí acendido a vella aquela que estaba de criada. Eu non lle peguei lume, como din pola aldea. E o meu pai xa estaba morto aquela noite, non foi o desgusto. Xa estaba morto. Ti sábelo ben, non parei de beber até que morreu meu pai. Fíxeno porque estaba bébedo. E qué lle queres, ti tamén es home e daraste conta, a túa irmá é un peperete. Era coma se dixese, cómeme. E, mira, ademais xa non era eu o primeiro, non sabes? Xa ela é unha lebre moi corrida.

Vostede é un miserábel, non é digno dos seus pais, que non foron malos señores.

E eu estouno vendo alí diante miña na rúa do Vilar. Ai, a fatiga de non durmir, de non descansar. A xente que pasa olla de esguello para nós porque ese home me está a dar voces con cara de carraxe. Un home impotente que só pode laiarse e expresar o seu odio con ese xesto da cara. Un home sen futuro, estouno vendo aquí e agora xa na tardiña morna dun día de agosto tirado debaixo dun carballo, cun tiro na fronte, un buratiño redondo e negro na pel brillante pola suor da calor de agosto e do

medo deste agosto. Este home está morto e non o sabe, só algúns sabemos o futuro, só eu sei o futuro. E a min non me importa que berre comigo, nin sequera os vou botar das miñas terras, e ben mirado, é ridículo e triste o enfado deste home que xa está morto. Alí agora diante miña e xa agora asasinado debaixo dun carballo dentro duns días.

Mira, hoxe estou xordo e non escoitei o que dixeches, nin te oín, pero, olla, non teño palabras. Agora non é momento de falar. Xa non. Ti non o sabes mais xa faleciches por hemorragia interna masiva. Causa 197 de defunción.

E doulle as costas a aquel home, a aquel finado, cunha canseira enorme pois estou xa cheo das mortes que cobrareí dentro duns días, e dou volta tranquilamente co meu gabán, pois aínda que estamos xa a mediados de xullo hoxe arrefriou algo e hai un pouco caeron unhas pingas e levo varios días alternando a excitación co abandono, e tanto alcol tenme unha miga destemperado, e entro no Casino de Cabaleiros con paso tranquilo coma se desfilase un civil. Pois, malia os excesos na bebida, si, excesos, ultimamente bebes de máis e iso non é bo para quen logo non dorme de noite, para quen non descansa o corpo, mais así e todo teño o corpo marcial e listo, teño o corpo golfo e quero empezar a dar leña, a dar chumbo.

E todos o saben, todos saben que mentres os meniños japistas están aínda baixo as saias do arcebispo, xogando a pistoleiriños a pegar tiros polo monte da Condesa, trinta falanxistas xa hai vinte días que estamos a facer instrución cada tarde no cuartel de artillería co capitán Saavedra. Estamos listos para saír e tomar a cidade. Iso sábeno todos aquí, nós estamos diante e imos en serio. O que non saben, devecen por saber como rapaciños diante dos caramelos, devecen, mais o que non saben

é que antonte pola tarde na Coruña tivemos unha reunión co camarada Hedilla que está a coordinar a Falanxe na Galiza co golpe militar. E que hoxe, a que o Goberno corte as comunicacións por teléfono e telégrafo para impedir a coordinación do golpe militar, iremos de novo á Coruña para coordinar os militares da conspiración de aquí cos de alí, iremos o camarada Castroviejo, Souto Vilas e mais eu no carro de Souto, un Ford. Alí iremos esta tarde, eu con estas dúas almas inocentes, dous rapaces que xogan aos xogos da guerra. Dous intelectuais, dous rapaces que a gozan xogando coa linguaxe, que gustan de oír as súas palabras sonoras, literatos, e mais eu. Vítor Muñoz caeu en Madrid con José Antonio e o camarada Canalejo, agora somos eu e mais Redondo os que diriximos a operación aquí. Nós iremos por diante dos japistas e monárquicos, seremos a vangarda, a man entusiasta que precisan os militares para que os acompañen. Cando Gil chegue ao cuartel de artillería a ofrecer os seus homes armados, homiños, xa nós estaremos formados e armados para saír detrás das columnas de artilleiros. Todo iso xa existe, xa ocorreu. E con todo aínda está para rebentar, para que os demais vexan como nace este meniño, este meniño non vai nacer chorando, vai nacer dando voces de mando e vai facer chorar a máis dun e de dous. Iso si, vai nacer con sangue. Ha ser unha verdadeira epifanía, sanguenta e dolorosa.

Non me importa a ollada chea de resentimento do encargado porque sigo sen pagar o que debo na conta, pois gastei todo o do mes na partida de póker no reservado, non me importa porque é servil e non se atreve a esixirme o pago, e cala. Como ten de ser, baixar a cabeza e calar. E nuns días todas as miñas contas serán saldadas, terei barra libre. Con todo, sinto por dentro xa a bile amarga no estómago, a bile de beber até

perder o coñecemento e de matar, a bile do beber e a amargura do rir e o fel de matar. Decátome de que xa levo en min todas esas mortes que farei dentro duns días e que xa están feitas dentro de min neste mesmo momento. O futuro é isto e tárdame en cumprirse porque xa estou nel, o tempo non existe e hoxe ando algo mareado, é fatiga, a fatiga do beber, do beber e do matar xa. E paseo entre as butacas de feltro e o ar denso e azulado gozando deste momento na cidade porque todos ollan para min cando entro e xa se achegan os peras dos meniños das JAP para saber se traio novas, se hai algunha consigna, que se a cousa está ao caer, que se hai ruído de sabres nos cuarteis, que os oficiais de artillería están nerviosos e suspenderon xa os pases de pernocta aos soldados. Estes maricallos, neniños das JAP, a que saian os militares e a Garda Civil na noite do día 20, dous canonazos e a toma da cidade e acabouse o tempo de xogaren ás guerras, empeza o tempo de matar e se queren matar que poñan a camisa azul ou que se alisten. Tamén eles aproveitarán para matar pola súa conta. Tamén eles farán a súa checa no Preguntoiro, seguro.

E entón alguén vén de fóra correndo, vinde, vinde, están a falar pola radio. É un parte militar dende África.

Viva España! Viva! Viva! Facemos brazo en alto o saúdo nacional. Saímos fóra. Xa era hora, non si, xa era hora. Cala, cala, deixa oír.

Na rúa, o do Bar Carballeira ten unha radio pousada nunha mesiña da súa terraza. Achégome. Quen é o que fala? É Queipo de Llano dende Radio Sevilla, comezou o golpe. Non é preciso pedir que se aparte a xente, veña, abran paso, abren paso, somos os donos do momento, eu son dos donos, sábeno todos, sábeo o ar deste día de mediados de xullo. Esta hora é nosa. Que día é

hoxe, a que día estamos? E que máis ten, xa chegou a hora, estamos no tempo de matar.

E todos se apartan unha miguiña, unha miguiña e máis nada. E míranme con respecto porque saben o que levo xa comigo. Saben que xa levo en min a morte que vou dar, as mortes que hei facer. E o seu respecto encobre o reparo e a grima que han ter logo. Porque eles percibirán na miña presenza algo desa cousa que me vai tocar, esa cousa que me vai luxar. Xa levo dentro o xerme do asasinato, que ha florecer e saír fóra. Estou tocado xa, eles sábeno, aquí neste momento triunfante, todos eles ao meu arredor. Ha chegar o momento en que se aparten discretamente en silencio.

Eles fano todo discretamente. Non gustan da indiscreción, do exceso, do desaforado, non. Só o necesario, cando é imprescindible; agora é imprescindible. Agora es necesario ti, é o teu momento. Mais, para eles, ti xa tes o cheiro do asasino.